

**RESOLUCIÓN DO 28 DE ABRIL DE 2020 MEDIANTE A QUE SE DEIXA SEN EFECTO A RESOLUCIÓN DE 3 DE FEBREIRO DE 2020, QUE APROBA A CONVOCATORIA DE PROBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO AOS ESTUDOS DE GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE, DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA, PARA O CURSO ACADÉMICO 2020-2021.**

O RD 1423/1992, do 27 de novembro, sobre incorporación á universidade de ensinanzas de educación física, establece no seu artigo 3 que as Universidades, en atención ás aptitudes indispensables para a aprendizaxe das materias ou disciplinas propias das ensinanzas de educación física, poderán efectuar, a quen solicite iniciar os ditos estudos, probas de avaliación das aptitudes persoais para a actividade física e o deporte que, en ningún caso, consistirán en probas de coñecemento e só se outorgará a cualificación de apto ou non apto.

As normas vixentes que regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao e o procedemento de admisión ás universidades públicas españolas, permiten que as universidades poidan establecer probas específicas para o acceso a determinadas ensinanzas; non obstante, a solicitude para realizar as probas específicas non exime da realización dos trámites de acceso e admisión á Universidade regulados polo Real decreto-lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

De acordo co exposto, convocáronse as probas específicas de acceso, que se regulan pola Resolución reitoral do 3/02/2020.

O Plan de continxencia da Universidade da Coruña ante o COVID-19, establece que mentres se manteña activada a alerta sanitaria, a Universidade adoptará as medidas que as autoridades competentes recomenden en cada caso, seguíndose sempre as indicacións das autoridades sanitarias. A adopción e aplicación das medidas farase conforme ao principio de proporcionalidade e de máximo respecto ás persoas, facendo prevalecer o principio de prevención.

Entre as citadas medidas o Reitor acordou o peche total ou parcial das instalacións da Universidade da Coruña de conformidade coas recomendacións das autoridades competentes. O peche de instalacións comporta nelas a suspensión de todas as actividades que leven a cabo, incluídas as probas, as oposicións, etc.

Consonte co exposto, habida conta dos motivos que se indican na petición formulada polo Decano da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, con data do 27 de abril de 2020, na que se indican importantes circunstancias que dificultan a realización das precitadas probas específicas de acceso, e a falta das garantías precisas de protección do persoal da Universidade, e tamén daquelas que establecen as recomendacións das autoridades sanitarias para actividades laborais e académicas,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Déixase sen efecto a Resolución do 3/02/2020 que aproba a convocatoria de probas específicas de acceso aos estudos de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, para o curso académico 2020/2021.

**Segundo.-** Establécese como sistema de acceso e admisión ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, excepcionalmente para o curso académico 2020/2021, o disposto no Acordo das Universidades

públicas do Sistema Universitario de Galicia, sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de Grao do Sistema Universitario de Galicia, aprobado polo Consello de Goberno da UDC na sesión celebrada o día 22/03/2020.

**Terceiro.-** A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física tramitará de oficio a devolución dos prezos que foran aboados polos interesados en concepto de dereitos de exame, de acordo co establecido na base quinta da Resolución do 3/02/2020.

**Cuarto.-** Aqueles aspirantes que foran cualificados con “apto” nas probas específicas de acceso ao sobredito Grao, celebradas no curso académico 2018/2019, manterán os dereitos adquiridos de acordo co establecido na súa convocatoria.

**Quinto.-** A Vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade, competente no procedemento de acceso á Universidade, dará traslado da presente resolución á Presidencia da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG).

**Sexto.-** Esta resolución ten o carácter excepcional que motiva a situación derivada do estado de alarma ocasionada polo COVID-19, que establece o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, sen que en ningún caso supoña unha modificación da memoria verificada do título do Grao mencionado.

Julio Abalde Alonso  
Reitor

**-SR. DECANO DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA**  
**-SRA. VICERREITORA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EMPREGABILIDADE**  
**-SRA. VICERREITORA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE**  
**-SR. SECRETARIO XERAL**  
**-SR. XERENTE**